



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Grupo Municipal da Marea Atlántica, a través da súa voceira, María García Gómez, e ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre o transporte público e a baixada dos prezos do bus.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña, que desestimou o recurso da Compañía de Tranvías contra a decisión do goberno de Xulio Ferreiro de reducir as tarifas do transporte público, veu confirmar que foi legal baixar o billete do bus na Coruña en 2019 por primeira vez na historia. A maxistrada advirte de que non houbo un cambio no contrato, senón que se axeitou ao dereito comunitario e que a revisión das tarifas ten “o axeitado soporte xurídico”.

O ditame aclara que no propio convenio entre ambas entidades se indica que a revisión de tarifas se levará a cabo segundo a fórmula polinómica que consta no artigo 20 do Regulamento de Funcionamento do Servizo que prevé un beneficio dun 15% para a empresa concesionaria, “moi inferior ao beneficio declarado pola propia Compañía”. “Resulta que o beneficio industrial real declarado pola concesionaria é máis do dobre daquela cifra”, unha circunstancia que, asegura a xuíza, “xustificaría por si soa a revisión das tarifas”. A sentenza é clara ao advertir dun beneficio “extraordinario ou excepcional por excesivo” da Compañía de Tranvías, polo que a xuíza entende que, tendo en conta a duración do convenio de 38 anos, “entra dentro do razoable e proporcionado que o Concello poida revisar as tarifas (...) sendo desproporcionado o equilibrio entre o beneficio da Compañía e o interese público da cidadanía”.

A circunstancia detonante da revisión extraordinaria acordada pola Xunta de Goberno Local o 28 de decembro de 2018 non foi outra que a do recoñecemento pola propia concesionaria, ano tras ano, dunha marxe de beneficios que resultaba incompatible coas esixencias do dereito comunitario, e no último termo co interese público que debe preservar calquera Administración Pública.

Cómpre lembrar que en 2018 a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) xa considerou que a concesión do transporte público da Coruña debería axustarse á normativa europea e evitar que a empresa se beneficiase de "ingresos e/ou vantaxes" que superasen o necesario para cubrir os custos do servizo "máis uns beneficios razoables". Ademais, lembraba que o convenio fora asinado hai máis de 30 anos sen concurso e debía ser revisado pola Comisión Europea por se a firma recibise "axudas de Estado ilegais".

A Compañía de Tranvías da Coruña obtivo en 2017 uns beneficios de 4,3 millóns de euros, un chisco menos dos obtidos en 2016, exercicio récord, con 4,5 millóns. No seu momento, o goberno local de Xulio Ferreiro considerou, como fixera tamén a CNMC, excesivas esas ganancias para unha compañía que ofrece un servizo público e que pretendía o incremento nas tarifas. Tendo en conta tamén que o prezo do billete do transporte público na Coruña supera a media estatal.

Respecto da alegación da Compañía de Tranvías de que a rebaixa debería conlevar algunha compensación, a maxistrada tamén é clara ao lembrarlle á empresa "un dato obxectivo moi revelador": "A rebaixa da tarifa provocou un notable incremento de usuarios, o que deriva nun incremento de ingresos á concesionaria". E é que malia todo, en 2019 a Compañía de Tranvías pechou o exercicio, o primeiro no que o Concello reduciu as tarifas logo de 32 anos de subas e catro de conxelación, cun beneficio de 3,32 millóns. En 2018 fora de case 4 millóns (3,78).

Cómpre lembrar que cando en febreiro de 2019 o billete do bus baixou 10 céntimos, pasou a ser de balde para menores de 13 anos e incorporou o transbordo gratuíto en todas as liñas durante 45 minutos, foi a primeira vez en máis de 30 anos que se reducía o prezo do transporte público na Coruña. Con todos os gobernos precedentes a revisión fora sempre á alza, mesmo entre 2007 e 2013, cunha crise económica brutal. Mentres os salarios minguaban e o paro aumentaba, o goberno bipartito de PSOE-BNG e o goberno do PP subiron o prezo do bus ata un 34%.

Coa revisión das tarifas aplicadas polo goberno da Marea Atlántica, unha viaxe pagada coa tarxeta bonobús pasou dos 85 céntimos aos 75, mentres que unha ordinaria quedou en 1,20 euros fronte aos 1,30 anteriores. Ademais, o bonobús social quedou en 33 céntimos, o universitario en 30, mentres que se estableceu a gratuidade dos percorridos dos menores de 13 anos e dos transbordos en calquera liña.

A baixada no prezo do transporte público deixouse notar nos datos de uso do transporte público. Cunha suba dun 5,08% no interanual en 2019, A Coruña bateu marcas de persoas usuarias do transporte público: 23 millóns de viaxes, 1.112.726 máis ca o ano anterior. No que respecta á gratuidade a menores de 13 anos, foron 302.533 os que se beneficiaron desta bonificación. Mentres que aumentaron significativamente os transbordos debido a súa gratuidade, cunha media do 14,74%. Estes datos veñen demostrar que unha política tarifaria xusta e social ten un efecto multiplicador no uso do transporte público.

É preocupante que despois do acadado no pasado mandato no eido do transporte público e a mobilidade sostible, o balance de case dous anos de mandato sexa lánguido. Sen medidas de mellora nas tarifas, nin na frota nin nas frecuencias, nin na necesaria actualización do mapa de rutas. Cando é mais que sabido que temos un mapa de liñas completamente obsoleto que non responde ás necesidades dos barrios nin da realidade

metropolitana na que vive a maioría da poboación. Tampouco coñecemos avances no estudo para a implantación dunha tarxeta Millenium Sen Barreiras para persoas en situación de vulnerabilidade e con diversidade funcionais, acordado tamén coa Marea Atlántica no pacto de investidura.

Ademáis, a pandemia da Covid-19 tamén está afectando ao transporte público e á súa percepción por parte da poboación. Mais que nunca é preciso fomentar o uso do transporte público colectivo como un medio de transporte seguro e iso pasa pola necesidade de incrementar todas as medidas de prevención que sexan precisas. Non esquezamos que a pandemia trouxo un elevado descenso no número de usuarios e a volta ao uso e abuso do coche privado con todo o que iso implica en termos medioambientais e de retroceso no eido da mobilidade sostible.

Urxe a posta en marcha de políticas decididas para mellorar o transporte público na nosa cidade. Precísanse ampliacións dos horarios e as frecuencias en toda a cidade, sendo particularmente urxente nestes momentos un reforzo nas frecuencias das liñas que van aos hospitais e centros de saúde. É necesario tamén abordar dunha vez por todas a actualización do mapa de rutas e a constitución dunha autoridade única de transporte metropolitana para atender e chegar a todos os barrios de xeito equitativo e á realidade metropolitana na que vive gran parte da veciñanza.

Así mesmo, e unha vez coñecida a sentenza que avala a baixada de tarifas, xa non hai excusas para que o actual goberno municipal continúe coas bonificacións para menores de 26 e maiores de 65 anos que están acordadas no pacto de investidura coa Marea Atlántica.

Por todo o anterior, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1.- Instar ao Goberno Municipal a aplicar, á maior brevidade, as bonificacións para menores de 26 e maiores de 65 anos acordadas coa Marea Atlántica no pacto de investidura.
- 2.- Instar ao Goberno Municipal a presentar avances no estudo para a implantación dunha tarxeta Millenium Sen Barreiras para persoas en situación de vulnerabilidade e con diversidade funcionais, acordado coa Marea Atlántica no pacto de investidura.
- 3.- Instar ao Goberno Municipal a presentar durante o ano 2021 unha proposta actualizada de reforma global do mapa de liñas do autobús urbano, co obxectivo de aumentar os horarios e as frecuencias nomeadamente nos barrios peor comunicados hoxe, así como nos principais nodos de actividade diaria na cidade (centros de saúde, centros escolares, polígonos, etc).
- 4.- Instar ao Goberno Municipal a implantar durante o ano 2021 una nova liña con marcado carácter metropolitano que conecte as vías de entrada na cidade coas estacións de autobuses e tren, así como co polígono de Agrela.

- 5.- Instar ao Goberno Municipal a fomentar a cultura do transbordo para mellorar a conectividade dos centros hospitalarios e de saúde con paradas, liñas e frecuencias.
- 6.- Instar ao Goberno municipal a ampliar o horario do bus nocturno na fin de semana.
- 7.- Instar ao Goberno Municipal a acondicionar as paradas de bus urbano para que sexan accesibles e máis confortables e operativas e a proceder á revisión da concesión das marquesiñas.
- 8.- Instar ao Goberno Municipal á implantación do carril bus prometido.
- 9.- Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha un estudo dos modos de xestión, de cara a apostar por unha xestión pública directa unha vez remate a concesión actual.
- 10.- Instar ao Goberno Municipal a desenvolver á maior brevidade e en colaboración coa Compañía de Tranvías, campañas de fomento do uso do transporte público como un medio de transporte seguro, así como a incrementar todas as medidas de prevención que sexan precisas ante a covid-19.
- 11.- Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha da APP Millenium para o pago do transporte público a través do móvil dun xeito inmediato.
- 12.- Instar ao Goberno Municipal a axilizar os trámites que sexan precisos para a posta en marcha dunha autoridade única de transporte metropolitana en colaboración coa Xunta de Galicia, como primeiro paso para a súa futura integración na Área Metropolitana da Coruña.
- 13.- Instar á Xunta de Galicia a axilizar os trámites que sexan precisos para a posta en marcha dunha autoridade única de transporte metropolitana en colaboración co Concello da Coruña e os concellos da Área Metropolitana.

A Coruña 25 de febreiro de 2021



María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica